

Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na lei 29/1998, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia número 20948 de 21 de maio de 2021.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O DEPUTADO DELEGADO DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA
COMBA

Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

Asdo.: David Barbeira García

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almau Supervía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE SANTA COMBA

Número 49/2021

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DA MAQUINARIA "BIOTRITURADORA – ASTILLADORA" E "DESBROZADORA DE MARTELOS" ADQUIRIDA POLA DEPUTACIÓN PARA XESTIÓN FORESTAL CONXUNTA DO PROXECTO EUROPEO GEFRECON ENMARCADO NO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA – FEDER (CP 2019.3.81010.1)

Na Coruña, a 4 de xuño de 2021

REUNIDOS

Dunha parte Don José Ramón Rioboo Castro, Deputado Delegado de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible en representación da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, Don David Barbeira García, Alcalde Presidente do Concello de Santa Comba.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estánlle atribuídas

MANIFESTAN

Que a Deputación da Coruña participa no proxecto europeo GEFRECON (Gestión Forestal Conjunta para Prevención de Incendios en Territorio POCTEP), enmarcado no Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España Portugal (POCTEP), e cofinanciado polo FEDER que ten por finalidade o desenvolvemento de accións conxuntas innovadoras que permitan reducir o risco de incendios forestais en territorio POCTEP, mediante o desenvolvemento e implementación de plans conxuntos, a sensibilización da poboación, a información e formación en autoprotección e a promoción da creación de empresas forestais. Que unha das actuacións de GEFRECON, asignadas á Deputación da Coruña, é desenvolver unha experiencia piloto de uso compartido de maquinaria de xestión forestal polo que tramitou un procedemento aberto para adquirir unha máquina "Biotrituradora-astilladora" e unha máquina "Desbrozadora de Martelos" do cal resultou máis vantaxosa a oferta das empresas COMERCIAL DE SUMINISTROS, S.L., con NIF B95068912 e domicilio na Avenida Txorierri, 46; 48150 Sondika (Biscaia) e SUMINISTROS ALAMILLO, S.L. con NIF B90464033 e domicilio na Calle Camino de Almez, 2, Local 3A; 41015 Sevilla respectivamente, no prezo de:

Lote	Prezo sen IVE	IVE	Total IVE in-cluído
1: Biotrituradora – astilladora	14.000,00	2.940,00	16.940,00
2: Desbrozadora de Martelos	4.958,60	1.041,31	5.999,91

Que esta maquinaria se entregará ao Concello de Santa Comba, que foi seleccionado definitivamente por Resolución de Presidencia nº 2021/6578 do 26/02/2021.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Santa Comba, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santa Comba, CIF P1507800I, para a cesión de uso ao Concello dunha máquina "Biotrituradora – astilladora" e "Desbrozadora de Martelos" adquirida pola Deputación para xestión forestal conxunta do proxecto europeo GEFRECON enmarcado no Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea – FEDER (CP 2019.3.81010.1).

A Deputación provincial da Coruña seleccionou mediante procedemento aberto a oferta máis vantaxosa, que resultou a presentada polas empresas COMERCIAL DE SUMINISTROS, S.L., con NIF B95068912 e domicilio na Avenida Txorierrri, 46; 48150 Sondika (Biscaia) e SUMINISTROS ALAMILLO, S.L. con NIF B90464033 e domicilio na Calle Camino de Almez, 2, Local 3A; 41015 Sevilla respectivamente, no prezo de:

Lote	Prezo sen IVE	IVE	Total IVE incluído
1: Biotrituradora – astilladora	14.000,00	2.940,00	16.940,00
2: Desbrozadora de Martelos	4.958,60	1.041,31	5.999,91

De conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, a adxudicación do contrato de subministración de equipamento para xestión forestal conxunta do proxecto europeo GEFRECON está condicionada a que se defina o concello concreto onde se ubicará a maquinaria, así como as condicións de cesión dos bens.

Unha vez adxudicado e formalizado o contrato de subministración, a Deputación comprométese a poñer a disposición do Concello e a ceder en uso a dita maquinaria.

II.- ACTA DE RECEPCIÓN

A Deputación notificará ao Concello a data de formalización da acta de recepción da maquinaria.

III.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O Concello deberá estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo á entrega das máquinas

IV.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación, unha vez formalizada a acta de recepción da máquinas, cederá de balde o uso das mesmas ao Concello de Santa Comba, que as recepcionará e aceptará no mesmo acto.

Ambas as dúas entidades inscribirán no inventario xurídico e contable a cesión de uso así como as condicións da cesión e a duración da mesma.

V.- OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello obrígase a manter as máquinas en perfectas condicións de funcionamento e a devolvela á Deputación no mesmo estado cando remate o prazo da cesión. No entanto, no caso de que as máquinas viñeran obsoletas o concello obrígase a comunicalo á Deputación.

Durante a vida útil das máquinas, o Concello comprométese a manter en lugar visible os logotipos que figuran a continuación:



O Concello asumirá todos os gastos derivados do depósito e utilización das máquinas, reparacións, seguros, consumibles e todos aqueles que sexan inherentes ao adecuado mantemento deste equipamento, así coma ao pago dos impostos correspondentes.

O Concello deberá facilitar o uso compartido da maquinaria cedida con entidades do seu ámbito de actuación, con concellos colindantes ou entidades dos mesmos.

O Concello utilizará as ferramentas web para o desenvolvemento e implementación de plans conxuntos para a loita e prevención de incendios e dará a coñecer as ditas ferramentas:

-ferramenta que permite calcular o potencial de biomasa dunha zona seleccionada, e os custos de transporte asociados para levar a biomasa dispoñible a un punto elixido,

-ferramenta para facilitar a xestión compartida da maquinaria mediante a q os usuarios que compartan a maquinaria poden reservar a maquinaria que necesiten, e

-ferramenta para poñer en contacto aos propietarios de leiras e xestores forestais para dar visibilidade ás leiras para que sexan xestionadas por un terceiro para o seu aproveitamento

Estas ferramentas web están dispoñibles na páxina web do proxecto europeo Gefrecon: <https://www.gefrecon.eu/herramientas-web>.

O Concello remitirá anualmente á Deputación un informe das actuacións realizadas relativas ao uso compartido das máquinas cedidas.

VI.-OBRIGAS DA DEPUTACIÓN

A Deputación asume a obriga de ceder a maquinaria adquirida e sinalada na Cláusula I e, en ningún caso, se fará cargo dos gastos sinalados no apartado anterior.

A sinatura deste convenio non representa obrigas económicas para a Deputación.

VII.- VIXENCIA DO ACORDO DE CESIÓN, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

A Deputación cede gratuitamente o uso das máquinas ao Concello de Santa Comba durante un período de dez (10) anos a partir da data da acta de entrega.

As partes poderán denunciar a vixencia do convenio cun aviso previo de tres (3) meses de antelación, para o caso de que determinen dar por finalizada a vixencia do acordo.

VIII. INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

No caso de que o Concello incumprise os termos do convenio será causa de reversión automática da cesión do uso.

IX. NATUREZA XURÍDICA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público, a lexislación de contratos do Sector Público e no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provinciais.